



Cambados, a 13 de xuño de 2024

Estimados pais/nais,

a **orde do 7 de maio de 2024** establece no seu artigo 16 que “Ao rematar o curso 2023/24, o **alumnado beneficiario de libros de texto** ou do material substitutivo dos libros cando sexa reutilizable, tanto se o recibiron do fondo solidario como se o adquiriron coa axuda para libros de texto, **deberá devolvelo ao centro para a súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2024/25.**”

No artigo 5 da mesma orde establécese que “**A falta de devolución dos libros de texto será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2024/25.**”

Co fin de axilizar e facilitar ás familias a recollida de libros, estes **poderán ser devoltos polo alumnado** sen necesidade de acudir ao centro os pais, nais ou titores legais. **Para que isto sexa posible son de obrigado cumprimento as seguintes pautas:**

- Lotes de libros revisados e completos. Especial atención ás materias que estean divididas en 2 ou 3 volumes
- Devolución conxunta de todos os libros prestados, sexan do fondo da Xunta, do centro ou dos departamentos
- Os lotes virán preparados con anterioridade para axilizar todo o proceso
- Non se recollerá ningún lote que conteña algún libro roto, escrito, tapas soltas, pegatinas, etc.

## **NON SE LLE RECOLLERÁN AO ALUMNADO LOTES DE LIBROS QUE NON CUMpra ESTAS INDICACIÓNS.**

As datas para que o alumnado entregue os seus libros no centro serán as seguintes:

Libros de 1º e 2º ESO	Martes 18 de xuño
Libros de 3º e 4º ESO	Xoves 20 de xuño

**Extraordinariamente**, os pais, nais ou titores legais, poderán devolver os libros estes mesmos días en horario de tarde.

A dirección